

**PROPOSTA PARA O CURRÍCULO
COMO MATERIA DE LIBRE CONFIGURACIÓN
EN 2º DE ESO:
“CANTO CORAL E TÉCNICA VOCAL”**

ÍNDICE

- 1- Xustificación da proposta da materia: “Canto coral e técnica vocal” (Páx. 3-4)
- 2- Obxectivos (Páx. 5-6)
- 3- Competencias (Páx. 7-10)
- 4- Contidos (Páx. 11-12)
- 5- Criterios de avaliación (Páx. 13-14)
- 6- Estándares de aprendizaxe (Páx. 15-16)
- 7- Táboa resumo de obxectivos, contidos e criterios de avaliación (Páx. 17-24)
- 8- Metodoloxía didáctica (Páx. 25)

1- XUSTIFICACIÓN DA PROPOSTA DA MATERIA

O termo “*Coral*” refírese á dimensión simultánea da música, onde as voces forman un tecido compacto e homoxéneo. A linguaxe musical caracterízase por estar articulada en múltiples dimensións e unha delas é a posibilidade de presentar planos sonoros simultáneos, influíndo tanto en aspectos compositivos do discurso coma nos interpretativos.

Dende o punto de vista estrutural, unha composición coral é unha realización musical que pon o acento no simultáneo, que coída a personalidade propia de cada plano sonoro e que, asemade, resalta o son equilibrado do conxunto.

Dende o punto de vista interpretativo, o termo “*Coral*” emprégase para as realizacións musicais que demandan a participación dun grupo, máis ou menos amplo, que atenda a cada un dos diferentes planos sonoros que interaccionan.

A música coral implica un *proceso de escoita-resposta* baseado na interpretación, dando lugar posteriormente á musicalidade. A interpretación coral en grupo é unha proposta que a escola debe aproveitar, xa que se converte nun *elemento catalizador das relacións interpersoais*. Nese momento, a relación persoa/grupo, transforma a música coral nunha actividade enriquecedora tanto no persoal coma no musical e social, nun proxecto de acción que inflúe en múltiples aspectos en toda a súa contorna e dá sentido definitivo á materia proposta.

A adolescencia é unha idade complexa, de grandes cambios físicos e psíquicos que a voz tamén vive e sente. Cómpre un seguimento constante, un coidado e atención específicas durante o seu proceso de muda, traballando a diario, axustándoa aos novos cambios, formándoa correctamente para ter unha voz adulta saudable. A voz é a nosa esencia, parte imprescindible da nosa identidade como persoas, reflexo da nosa personalidade, das nosas emocións, o son co que o mundo nos identifica. A fortaleza da autoestima do e da adolescente comeza aquí, identificándose coa súa voz, sabendo quen é, sendo consciente de como se relaciona e como se posiciona no mundo. Todo isto debe de traballarse para mellorar e superarse cada día.

Estudios sobre o canto na adolescencia realizados no 2013 por Alfonso Elorriaga Llor ou Nuria Fernández Herranz, amosan certos paralelismos entre os seus preceptos e os realizados por Daniel Goleman na súa “*Teoría da Intelixencia Emocional*”. Así, tendo en conta as actitudes e os sentimentos, vaise determinar o xeito en que nos relacionamos, cómo entendemos o mundo, profundando ademais en habilidades coma: o **control dos impulsos**, a **autoconciencia**, a **automotivación**, a **confianza**, o **entusiasmo** ou a **empatía**, habilidades que son comúns á práctica do canto coral.

Varios estudos psicolóxicos actuais coma o de Luis Rojas Marcos, demostran que o “Canto Coral” ten unha relación directa coa consecución da **felicidade** e o aumento da **autoestima**. O feito de cantar nun coro produce na persoa unha sensación de satisfacción persoal ligada ao **altruísmo**. Tamén é un sistema pedagóxico importantísimo para realizar con éxito a destreza de **saber actuar en equipo**, imprescindible na vida cotiá e en calquera dos traballos da sociedade actual. Ademais, a interpretación musical reforza no individuo o sentimento de autoestima.

- Todas as persoas que cantan nun coro adquiren unha ferramenta que lles serve para a súa vida en xeral e o seu traballo en particular: **a disciplina**.
- Cantar nun coro escolar implica **aceptar** e **integrar** a todas as persoas independentemente do seu nivel de capacidade, axudándonos a mellorar co traballo de grupo.
- Cantar nun coro ensina a **traballar en equipo** xa que o coro funciona coma un único instrumento.
- Cantar nun coro ensina **humildade, comunidade e solidariedade**. Os logros son do conxunto, non se compite individualmente, senón que se comparte a música e contribúese ao ben común que é o canto. O valor social é incalculable.
- Cantar nun coro traballa a **concentración** e a **atención**: a/o coralista debe atender ao xesto do/da director/-a, manter os tempos de silencio, escoitar o resto das voces, buscar a xusta afinación...

Os estudos de Björn Vickhoff, do Instituto de Neurociencias e Fisioloxía da Academia Sahlgrenska, arredor dos beneficios do canto coral sobre o **ritmo cardíaco** e a resposta do **nervio vago**, conclúen que o canto coral ademais de **sincronizar os movementos musculares e as actividades neuronais** que as fan posibles nos e nas cantantes, tamén pode aplicarse ao corazón, tratando e previndo afeccións relacionadas coa alteración do ritmo cardíaco.

En conclusión, o canto coral, mellora a confianza en si mesmos/-as, o sistema inmunolóxico, a osixenación, o fluxo sanguíneo, o estado de ánimo, as relacións sociais, a memoria, o ritmo cardíaco, exercita a musculatura do corpo... e, en xeral, mellora a calidade de vida porque por un momento os e as cantantes esquecen as preocupacións e céntranse en unir os corazóns e xerar harmonía.

2- OBXECTIVOS

Ao abeiro do artigo 10 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29), contribuírase a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación d as persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio de ese dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3- COMPETENCIAS

Segundo establece a lexislación vixente, as Competencias falan da necesidade de ser competente, de saber facer. As competencias serán tratadas sempre de forma transversal, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

As sete competencias son:

- 1- Comunicación lingüística (CCL)**
- 2- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**
- 3- Competencia dixital (CD)**
- 4- Aprender a aprender (CAA)**
- 5- Competencias sociais e cívicas (CSC)**
- 6- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**
- 7- Conciencia e expresión culturais (CCEC)**

Esta materia de “Canto coral e técnica vocal” contribuirá ao enriquecemento e desenvolvemento destas competencias.

1- Comunicación lingüística

A materia de “Canto coral e técnica vocal” axudará ao alumnado a adquirir un novo vocabulario específico e técnico, que lle permita expresar os seus pensamentos, ideas, opinións sobre a música e os elementos que a conforman, tanto oralmente coma de forma escrita. Ademais permitiralle ao alumnado comprender textos e fomentará a lectura e o coñecemento de novas linguas.

Os descritores que se van priorizar son:

- Expresarse oralmente con corrección, tendo en conta a dicción e a vocalización das palabras.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao/ á interlocutor/-a...
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

2- Competencia matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía

O canto coral e a música utilizan un pensamento lóxico-dedutivo e a habilidade de expresar de forma clara a información recibida. Traballarase a utilización de diferentes ferramentas tecnolóxicas relacionadas coa música como pode ser o coñecemento de diferentes software e o uso de Internet.

Os descritores a traballar serán:

- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sustentable.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que ocorre ao noso redor e responder preguntas.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

3- Competencia dixital

Permitirá o coñecemento e dominio básico do hardware e o software musical, utilizando distintos formatos de audio e técnicas de tratamento, gravación e reprodución do son como forma de traballar as interpretacións vocais que teñen lugar en clase e á vez fomentará o uso responsable da internet como medio útil de traballo.

Traballaranse os seguintes descritores da competencia:

- Elaborar e expoñer información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.

- Empregar distintas fontes para a procura de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

4- Competencia de aprender a aprender

No “Canto coral e técnica vocal” a motivación e confianza axudarán a conseguir aprendizaxes máis eficaces. Ampliaranse as habilidades de expresión do alumnado, especialmente as relacionadas coa interpretación e a improvisación, tanto individual coma colectiva, e fomentarse o feito de seguir aprendendo no seu tempo de lecer.

Os descritores para esta competencia serán:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Aplicar estratexias individuais e grupais para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Avaliar de forma crítica a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

5- Competencias sociais e cívicas

A materia de “Canto coral e técnica vocal” require un respecto polo traballo propio e dos demais, ao que cómpre engadir unha boa actitude, aberta, cooperativa e construtiva destinada a acadar un fin común.

Traballaranse os seguintes descritores:

- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer como enriquecedoras a diversidade de opinións e ideas.
- Comprender e respectar os distintos ritmos de traballo e potencialidades.

6- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A través da materia de “Canto coral e técnica vocal” fomentárase a creatividade e a iniciativa do alumnado. Favorecerase a capacidade de pensar de forma creativa, a autoestima, a autonomía e tomarase conciencia do esforzo e a responsabilidade que supón o traballo en equipo.

Os descritores que se traballarán son os que seguen:

- Asumir responsabilidade.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Buscar obxectivos nas tarefas que se desenvolvan.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previos dun tema.
- Atopar posibilidades na contorna que outros non aprecian.
- Amosar iniciativa persoal para comezar ou promover accións novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou os proxectos.

7- Conciencia e expresión culturais

A través desta materia, o alumnado coñecerá as nosas manifestacións culturais e musicais, traballando con distintos xéneros e estilos. Isto vailles permitir comprender, apreciar e valorar as distintas manifestacións artísticas e musicais a través do estudo, análise e interpretación das obras propostas.

Traballaranse os seguintes descritores:

- Expresar sentimentos e emocións mediante códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e mostrar gusto pola estética no ámbito cotiá.

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Amosar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico-técnica...), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade coma unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio.

4- CONTIDOS

BLOQUE 1: TÉCNICA E HIXIENE VOCAL. BOS USOS VOCAIS

B1.1 Coñecemento dos principios da técnica vocal: respiración, articulación, resonancia e entoación.

B1.2 Coñecemento da fisioloxía do aparello fonador.

B1.3 Exercicios para unha correcta respiración, apoio e emisión da voz falada.

B1.4 A muda da voz, características da voz adolescente. A voz feminina e a voz cambiata.

B1.5 Traballo co texto: articulación, dicción e interpretación.

B1.6 Pautas para a consecución de bos hábitos vocais.

BLOQUE 2: RELAXACIÓN, QUECEMENTO E ESTIRAMENTOS CORPORAIS

- B2.1** Exercicios de quecemento, respiración e emisión. Técnicas de relaxación e estiramientos corporais. Resonancia.
- B2.2** Estiramientos de pernas, lombo e brazos.
- B2.3** Relaxación da cadeira e mandíbula.
- B2.4** Estiramientos e relaxación do pescozo.
- B2.5** Relaxación facial e resonancia cranial.
- B2.6** Resoadores corporais da voz.

BLOQUE 3: O ENSAIO CORAL

- B3.1** Coñecemento, diferenciación e interpretación dos diferentes xestos empregados na dirección coral.
- B3.2** A interpretación baseada na lectura musical, a escoita e a imitación.
- B3.3** Improvisación vocal sobre esquemas sinxelos.
- B3.4** Batido de compases de 2, 3 e 4 pulsos.
- B3.5** Ataque de compases en pulsos binarios e ternarios sobre partes fortes e débiles do pulso.
- B3.6** As pausas. Emprego do caldeirón ou fermata: ataque/pausa/final.

BLOQUE 4: REPERTORIO CORAL NA ADOLESCENCIA. INTERPRETACIÓN E CONCERTO

- B4.1** Interpretación de partituras monódicas, a canon e/ou polifónicas de diferentes períodos da historia de música.
- B4.2** Interpretación de partituras vocais de diferentes culturas, nos seus respectivos idiomas, con especial atención ao patrimonio musical galego.
- B4.3** Empaste, afinación e escoita interna.
- B4.4** Percusión corporal e/ou interpretación coreográfica como acompañamento ao canto.
- B4.5** Tarefas de xestión e organización de actividades.

B4.6 Catalogación de partituras.

BORRADOR

5- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1: TÉCNICA E HIXIENE VOCAL. BOS USOS VOCAIS

B1.1 Identificar e diferenciar os diferentes principios da técnica vocal.

B1.2 Coñecer as diferentes partes do aparello fonador e o seu funcionamento.

B1.3 Coñecer e aplicar os diferentes tipos de respiración (clavicular, costal) con especial atención á respiración costo-diafragmático-abdominal, óptima para o canto e a fala.

B1.4 Entender e valorar a necesidade da técnica vocal na práctica do canto coral e na fala.

B1.5 Coñecer e valorar como necesarias as prácticas de bos hábitos vocais.

B1.6 Practicar de forma autónoma e dirixida exercicios para a correcta emisión na fala.

BLOQUE 2: RELAXACIÓN, QUECEMENTO E ESTIRAMENTOS CORPORAIS

B2.1 Realizar con atención e concentración os diferentes exercicios de quecemento, respiración e emisión de voz, así como as diferentes técnicas de relaxación e estiramentos corporais e resonancia propostos na clase.

B2.2 Prestar atención e estirar pernas, lombo e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase.

B2.3 Relaxar a cadeira e comprender a súa relación coa posible tensión da mandíbula.

B2.4 Estirar e relaxar o pescozo en diferentes posicións.

B2.5 Coñecer a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia cranial da mesma.

B2.6 Identificar, comprender e practicar os distintos resoadores corporais.

BLOQUE 3: O ENSAIO CORAL

B3.1 Interpretar pezas de diferentes estilos, épocas e procedencias, de dificultade variable, do repertorio galego e universal, por medio de partituras e/ou por imitación, atendendo ao xesto da persoa que dirixe, cunha actitude aberta e respectuosa ante a propia interpretación e a do conxunto coral.

B3.2 Gozar da interpretación e audición do canto.

B3.3 Aprender a improvisar vocalmente sobre pequenos esquemas dados.

B3.4 Recoñecer os esquemas dos compases de 2, 3 e 4 pulsos.

B3.5 Aprender a realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases.

B3.6 Entender, practicar e realizar vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe.

BLOQUE 4: REPERTORIO CORAL NA ADOLESCENCIA. INTERPRETACIÓN E CONCERTO

B4.1 Interpretar vocalmente algunha partitura monódica, a canon e/ou polifónica de diferentes períodos da Historia da Música.

B4.2 Interpretar con corrección os textos das pezas seleccionadas nos seus respectivos idiomas: galego, castelán, inglés, francés, alemán...

B4.3 Interpretar con concentración, afinación e sensibilidade o repertorio coral proposto.

B4.4 Crear pequenas coreografías corporais e/ou de movemento para acompañar o canto ou interpretalas individualmente.

B4.5 Coñecer e recoñecer o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades musicais.

B4.6 Identificar recursos tecnolóxicos para a procura e catalogación de partituras.

6- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

BLOQUE 1: TÉCNICA E HIXIENE VOCAL. BOS USOS VOCAIS

B1.1 Comprende e diferencia os diferentes elementos da técnica vocal: respiración, articulación, resonancia e entoación.

B1.2 Valora a correcta utilización do aparello fonador na fala e no canto.

B1.3 Valora e aplica a técnica vocal ao canto e á fala.

B1.4 Aмосa interese polo coñecemento da voz adolescente e os seus cambios específicos nesta idade, e realiza exercicios específicos para a correcta clasificación da súa voz nos diferentes estadios durante o proceso de muda.

B1.5 Realiza exercicios para o apoio e correcta emisión da voz falada.

B1.6 Valora o emprego correcto da respiración e entende que é imprescindible para unha correcta emisión tanto na fala como no canto.

BLOQUE 2: RELAXACIÓN, QUECEMENTO E ESTIRAMENTOS CORPORAIS

B2.1 Valora a relaxación e o quecemento da voz como condición previa para o canto e a interpretación.

B2.2 Comprende e estira as pernas, lombo e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase.

B2.3 Realiza os exercicios de relaxación de cadeira e/ou mandíbula.

B2.4 Identifica, comprende e realiza os estiramentos do pescozo para a súa relaxación.

B2.5 Valora e comprende a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia cranial da mesma.

B2.6 Identifica, comprende e practica os distintos resoadores corporais.

BLOQUE 3: O ENSAIO CORAL

- B3.1** Respecta os tempos de espera e silencios previos á interpretación, durante a interpretación, e o ensaio por cordas de diferentes pasaxes.
- B3.2** Interpreta con corrección, memoriza e practica pezas de diferentes estilos, épocas e/ou procedencias, mediante partituras e/ou por imitación.
- B3.3** Amosa unha actitude respectuosa, positiva, atenta e de espírito crítico á interpretación individual e do conxunto.
- B3.4** Identifica e recoñece os esquemas de compases de 2, 3 e 4 pulsos.
- B3.5** Atende e realiza entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases.
- B3.6** Entende, practica e realiza vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe.

BLOQUE 4: REPERTORIO CORAL NA ADOLESCENCIA. INTERPRETACIÓN E CONCERTO

- B4.1** Amosa interese pola interpretación de conxunto e mostra atención e interpreta os xestos da dirección, respectando a interpretación do seus compañeiros e compañeiras.
- B4.2** Interpreta con corrección os textos das pezas seleccionadas de diversas culturas do mundo, atendendo especialmente ao noso patrimonio musical galego.
- B4.3** Concéntrase na interpretación, procurando unha boa afinación e empaste tanto individual coma coral.
- B4.4** Realiza pezas sinxelas e/ou pequenas frases propostas de percusión corporal e/ou de movemento.
- B4.5** Identifica o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades musicais.
- B4.6** Coñece e recoñece algún arquivo musical con partituras catalogadas.

7- TÁBOA RESUMO DE OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

| “CANTO CORAL E TÉCNICA VOCAL” 2º ESO (Materia de libre configuración) | | | | |
|--|--|---|---|---------------------------|
| BLOQUE 1: TÉCNICA E HIXIENE VOCAL. BOS USOS VOCAIS | | | | |
| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
| b, g, m | B1.1 Coñecemento dos principios da técnica vocal: respiración, articulación, resonancia e entoación. | B1.1 Identificar e diferenciar os diferentes principios da técnica vocal. | CCTV 1.1.1 Comprende e diferencia os diferentes elementos da técnica vocal: respiración, articulación, resonancia e entoación. | CAA, CCEC |
| b, c, d, g, m | B1.2 Coñecemento da fisioloxía do aparello fonador. | B1.2 Coñecer as diferentes partes do aparello fonador e o seu funcionamento. | CCTV 1.1.2 Valora a correcta utilización do aparello fonador na fala e no canto. | CAA, CCL, CCEC, CSC |
| b, g, m | B1.3 Exercicios para unha correcta respiración, apoio e emisión da voz falada. | B1.3 Coñecer e aplicar os diferentes tipos de respiración (clavicular, costal) con especial atención á respiración costo- diafragmático-abdominal, óptima para o canto e a fala. | CCTV 1.1.3 Valora e aplica a técnica vocal ao canto e á fala. | CAA, CCL, CCEC |

| | | | | |
|------------------|---|--|--|----------------|
| a, b, c, d, g, m | B1.4 A muda da voz, características da voz adolescente. A voz feminina e a voz <i>cambiata</i> . | B1.4 Entender e valorar a necesidade da técnica vocal na práctica do canto coral e na fala. | CCTV 1.1.4 Aмоса interese polo coñecemento da voz adolescente e os seus cambios específicos nesta idade, e realiza exercicios específicos para a correcta clasificación da súa voz nos diferentes estadios durante o proceso de muda. | CAA, CCL, CCEC |
| b, g, h, m | B1.5 Traballo co texto: articulación, dicción e interpretación. | B1.5 Coñecer e valorar como necesarias as prácticas de bos hábitos vocais. | CCTV 1.1.5 Realiza exercicios para o apoio e correcta emisión da voz falada. | CAA, CCL, CCEC |
| b, g, h, m | B 1 . 6 Pautas para a consecución de bos hábitos vocais. | B1.6 Practicar de forma autónoma e dirixida exercicios para a correcta emisión na fala. | CCTV 1.1.6 Valora o emprego correcto da respiración e entende que é imprescindible para unha correcta emisión tanto na fala como no canto. | CAA, CCL, CCEC |

BLOQUE 2: RELAXACIÓN, QUECEMENTO E ESTIRAMENTOS CORPORAIS

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|---------------|---|---|---|--------------------|
| b, c, g, m | B2.1 Exercicios de queceamento, respiración e emisión. Técnicas de relaxación e estiramientos corporais. Resonancia. | B2.1 Realizar con atención e concentración os diferentes exercicios de queceamento, respiración e emisión de voz, así como as diferentes técnicas de relaxación e estiramientos corporais e resonancia propostos na clase. | CCTV 2.2.1 Valora a relaxación e o queceamento da voz como condición previa para o canto e a interpretación. | CAA, CSC, CCEC |
| b, g, m | B2.2 Estiramientos de pernas, lombo e brazos. | B2.2 Prestar a tención e estirar as pernas, lombo e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase. | CCTV 2.2.2 Comprende e estira as pernas, lombo e brazos, seguindo as indicacións achegadas na clase. | CAA, CSC, CCEC |
| b, d, g, m | B2.3 Relaxación da cadeira e mandíbula. | B2.3 Relaxar a cadeira e comprender a súa relación coa posible tensión da mandíbula. | CCTV 2.2.3 Realiza os exercicios de relaxación de cadeira e/ou mandíbula. | CAA, CSC, CCEC |
| b, c, d, g, m | B2.4 Estiramientos e relaxación do pescozo. | B2.4 Estirar e relaxar o pescozo en diferentes posicións. | CCTV 2.2.4 Identifica, comprende e realiza os estiramientos do pescozo para a súa relaxación. | CAA, CSC, CCEC |
| b, c, g, m | B2.5 Relaxación facial e resonancia cranial. | B2.5 Coñecer a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia cranial da mesma. | CCTV 2.2.5 Valora e comprende a importancia da completa relaxación facial para evitar tensións na voz e activar a resonancia cranial da mesma. | CAA, CSC, CCEC |

| | | | | |
|------------|---|--|---|----------------|
| b, c, g, m | B2.6 Resoadores corporais da voz. | B2.6 Identificar, compreender e praticar os distintos resoadores corporais. | CCTV 2.2.6 Identifica, comprende e practica os distintos resoadores corporais. | CAA, CSC, CCEC |
|------------|---|--|---|----------------|

BORRADOR

BLOQUE 3: O ENSAIO CORAL

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|-------------------|--|---|---|---------------------------|
| a, b, g, l, n, | B3.1 Coñecemento, diferenciación e interpretación dos diferentes xestos empregados na dirección coral. | B3.1 Interpretar pezas de diferentes estilos, épocas e procedencias, de dificultade variable, do repertorio galego e universal, por medio de partituras e/ou por imitación, atendendo ao xesto da persoa que dirixe, cunha actitude aberta e respectuosa ante a propia interpretación e a do conxunto coral. | CCTV 3.1.1 Respecta os tempos de espera e silencios previos á interpretación, durante a interpretación, e o ensaio por cordas de diferentes pasaxes. | CCL,CAA, CSC, CCEC, CSIEE |
| b, c, g, i, ñ | B3.2 A interpretación baseada na lectura musical, a escoita e a imitación. | B3.2 Gozar da interpretación e audición do canto. | CCTV 3.1.2 Interpreta con corrección, memoriza e practica pezas de diferentes estilos, épocas e/ou procedencias, mediante partituras e/ou por imitación. | CCL, CAA, CSC, CCEC |
| a, b, d, g, m | B3.3 Improvisación vocal sobre esquemas sinxelos. | B3.3 Aprender a improvisar vocalmente sobre pequenos esquemas dados. | CCTV 3.1.3 Aмосa unha actitude respectuosa, positiva, atenta e de espírito crítico á interpretación individual e do conxunto. | CCL, CAA, CSC |
| b, g, n, ñ | B3.4 Batido de compases de 2, 3 e 4 pulsos. | B3.4 Recoñecer os esquemas dos compases de 2, 3 e 4 pulsos. | CCTV 3.1.4 Identifica e recoñece os esquemas de compases de 2, 3 e 4 pulsos. | CAA, CMCCT, CCEC |

| | | | | |
|---------------|---|--|---|-----------------|
| b, c, d, g, n | B3.5 Ataque de compases en pulsos binarios e ternarios sobre partes fortes e débiles do pulso. | B3.5 Aprender a realizar entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases. | CCTV 3.1.5 Atende e realiza entradas de conxunto sobre partes fortes e/ou débiles dos compases. | CAA, CMCCT, CSC |
| a, b, d, g, n | B3.6 As pausas. Emprego do caldeirón ou fermata: ataque/pausa/final | B3.6 Entender, practicar e realizar vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe. | CCTV 3.1.6 Entende, practica e realiza vocalmente o caldeirón ou fermata, atendendo ás indicacións de quen dirixe. | CAA, CSC, CCEC |

BLOQUE 4: REPERTORIO CORAL NA ADOLESCENCIA. INTERPRETACIÓN E CONCERTO

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
|------------------------|--|---|--|---------------------------|
| a, b, g, i, l, n | B4.1 Interpretación de partituras monódicas, a canon e/ou polifónicas de diferentes períodos da historia da música. | B4.1 Interpretar vocalmente algunha partitura monódica, a canon e/ou polifónica de diferentes períodos da historia da música. | CCTV 4.4.1 Amonsa interese pola interpretación de conxunto e mostra atención e interpreta os xestos da dirección, respectando a interpretación do seus compañeiros e compañeiras. | CCL, CAA, CSC, CCEC |
| a, b, g, h, i, n, ñ, o | B4.2 Interpretación de partituras vocais de diferentes culturas, nos seus respectivos idiomas, con especial atención ao patrimonio musical galego. | B4.2 Interpretar con corrección os textos das pezas seleccionadas nos seus respectivos idiomas: galego, castelán, inglés, francés, alemán... | CCTV 4.4.2 Interpreta con corrección os textos das pezas seleccionadas de diversas culturas do mundo, atendendo especialmente ao noso patrimonio musical galego. | CCL, CAA, CSC, CCEC |
| a, b, g, n | B4.3 Empaste, afinación e escoita interna. | B4.3 Interpretar con concentración, afinación e sensibilidade o repertorio coral proposto. | CCTV 4.4.3 Concéntrase na interpretación, procurando unha boa afinación e empaste tanto individual coma coral. | CCL, CAA, CSC, CCEC |

| | | | | |
|------------------|---|---|--|----------------------|
| b, c, g, l, m | B4.4 Percusión corporal e/ou interpretación coreográfica como acompañamento ao canto | B4.4 Crear pequenas coreografías corporais e/ou de movemento para acompañar o canto ou interpretalas individualmente. | CCTV 4.4.4 Realiza pezas sinxelas e/ou pequenas frases propostas de percusión corporal e/ou de movemento. | CAA, CSC, CCEC |
| a, b, g, l, n, ñ | B4.5 Tarefas de xestión e organización de actividades. | B4.5 Coñecer e recoñecer o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades musicais. | CCTV 4.4.5 Identifica o reparto de responsabilidades nas tarefas de xestión e organización de actividades musicais. | CAA, CSC, CSIEE |
| a, b, g, l, n | B4.6 Catalogación de partituras. | B4.6 Identificar recursos tecnolóxicos para a procura e catalogación de partituras. | CCTV 4.4.6 Coñece e recoñece algún arquivo musical con partituras catalogadas. | CAA, CD, CSIEE, CCEC |

8- METODOLOXÍA DIDÁCTICA

O punto de partida para a materia de “Canto coral e técnica vocal” é o propio alumnado, tendo moi claro que a materia pode ser cursada sen coñecemento previo e sen habilidade especial para o canto. Calquera que pode escoitar e falar pode cantar, só necesita exercitarse na estratexia de escoita e o control da respiración e da emisión.

Empregarase unha metodoloxía activa de aprendizaxe significativa baseada nos coñecementos previos do alumnado, propiciando a participación no grupo e o traballo persoal.

Traballarase a través do descubrimento da súa voz para pasar despois ao control da mesma e concluír entendendo como pode usala con corrección.

Partirase sempre dos coñecementos previos e as habilidades do alumnado para poder evolucionar dende ese punto. A metodoloxía será activa e eminentemente práctica, mesmo para a explicación de conceptos teóricos coma os tipos de agrupacións vocais ou as patoloxías vocais.

As pezas a empregar na materia sempre serán axeitadas aos diferentes timbres das voces adolescentes. Empregaranse composicións ou arranxos cun ámbito correcto para as e os cantantes. Isto último é moi importante, xa que o fin último da materia de “Canto coral e técnica vocal” é ensinar aos alumnos e ás alumnas o correcto emprego da voz na fala e no canto de conxunto, detectando se é o caso e evitando posibles patoloxías vocais.